

# O Premio Nacional de Poesía distingue ao galego Manuel Álvarez Torneiro

O autor define «Os ángulos da brasa» como «un libro da memoria»

XESÚS FRAGA


Redacción 08 de octubre de 2013 18:22

★★★★★ 21 votos

*Os ángulos da brasa* xa recibira o Premio da Crítica e fora elixido o mellor poemario do 2012. Dende hoxe tamén suma para o seu autor, Manuel Álvarez Torneiro, o Premio Nacional de Poesía, un galardón concedido polo Ministerio de Cultura e dotado con 20.000 euros. A obra, publicada na colección Tambo, agora ao abeiro do selo Fatoría K, é definida polo seu autor «como un libro da memoria». «Penso que este libro non é un produto estándar, nin frívolo, nin lúdico nin simplista, que incide nunha realidade que é tan persoal como plural», declarou en maio nunha entrevista co suplemento Culturas de La Voz. Na súa publicación, a crítica saudou *Os ángulos da brasa* como unha achega relevante na traxectoria como poeta de Álvarez Torneiro, na que destacan títulos como *Setembro Stradivarius* ou *Epicentro*, e que mereceu premios como o Esquíu ou o González Garcés.



[Más información](#)



*Habitante único*: obra do autor na nosa biblioteca

A ACTUALIDADE NA  
NOSA **BIBLIOTECA**

outubro, 13

MANUEL  
**ÁLVAREZ  
TORNEIRO**

Premio Nacional de  
Poesía

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA